



EXIXIMOS O MANTEMENTO DO PODER ADQUISITIVO DAS PENSIONES, MEDIDO CO IPC REAL, E A SUBA DAS PENSIÓNS MÍNIMAS

TEXTO EXPLICATIVO DA CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE SINATURAS.

*O presente texto e o prego de sinaturas que o acompaña están destinados á recollida de apoios dos e das cidadáns en defensa del Sistema Público de Pensións, do poder adquisitivo das pensións públicas e da súa equidade e suficiencia. **Trátase dunha iniciativa conxunta das seguintes organizacións de pensionistas de diferentes Pobos e Comunidades do Estado Español:** Asociación Jubilación Anticipada sen penalizar (ASJUBI40), Coordinadora Estatal en Defensa de las Pensións Públicas (COESPE), Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria (EHPM), Movimiento Andaluz en Defensa de las Pensións Públicas (MADPP), Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos (MODEPEN), Unidad-COESPE, e as Plataformas de Pensionistas de Badajoz, Móstoles, ...*

Era decembro do ano 2015 cando, coma un regalo de nadal, os e as pensionistas espertamos cun Real Decreto (R.D.) que regulaba a revalorización anual das pensións en só un **0,25%**. o goberno do PP impoñíanos unha condena cara á perda do poder adquisitivo das pensións públicas, sen respectar o artigo 50 da Constitución: “Os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e **periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante la terceira idade**”.

A agresión do 0,25% produciu, como consecuencia inmediata, a mobilización do colectivo de pensionistas en todo el estado, organizándose como movemento social en defensa dos seus dereitos e fronte á condena á pobreza de cada vez máis número de pensionistas, principalmente mulleres, que resultaba da aplicación del R.D.

Tras anos de dura loita, **conseguimos que o goberno de Rajoy claudicara e renunciara a que a revalorización das pensións fora só do 0,25% anual**, como anunciara Fátima Báñez. O goberno restableceu o “Índice de Prezos ao Consumo Anual Acumulado” (“IPC Acumulado”, ou “IPC Real”) como índice para a revalorización anual das pensións. Este índice era unanimemente aceptado como o mellor sistema para medir a variación interanual do poder adquisitivo, é dicir, do incremento do custe da vida, e era tamén o que sempre se tiña usado para revalorizar anualmente as pensións e cuantificar as subas anuais das mesmas para que non perderan poder adquisitivo.

Cando críamos que o uso do “IPC Acumulado”, o “IPC Real”, ía consolidarse como sistema de revalorización anual das pensións e que así quedaría garantido o mantemento do poder adquisitivo das nosas pensións, atopámonos con que na **Lei 21/21** -que o actual goberno de coalición presentou ao Parlamento e este aprobou por ampla maioría e se publicou no BOE o pasado 29/12/2021- **establécese como referencia para a revalorización anual das pensións, o chamado “IPC Medio”,** a media dos IPC dos 12 meses anteriores. O Congreso dos Deputados non tivo en conta o millón de sinaturas de pensionistas apoiando a petición de manter a formula do IPC Real, que o pasado 20 de outubro se entregaron no Congreso de Deputados.

Nas actuais circunstancias, **usar o “IPC Medio” en lugar do “IPC Real” supón apostar por facer trampa**, rebaixando o importe das pensións, e promovendo a perda de poder adquisitivo dos pensionistas. A suba do “IPC Real” (ou “IPC Acumulado”), desde decembro de 2020 até novembro de 2021 (o ano contábel 2021 a efecto de pensións) foi do 5,5%, mentres que a suba do “IPC Medio” foi só do 2,5%, que é o que subirán as pensións contributivas en 2022.



EXIXIMOS O MANTEMENTO DO PODER ADQUISITIVO DAS PENSIONES, MEDIDO CO IPC REAL, E A SUBA DAS PENSIÓNS MÍNIMAS

Deste xeito, e tendo en conta que durante 2021 a suba do coste da vida (medido a través do IPC Acumulado) foi realmente do 5,5%, **atopámonos con que a perda de poder adquisitivo das pensións contributivas será realmente dun 3,0% (5,5%-2,5%) e, como por decisión do goberno, as pensións mínimas e non contributivas subirán un 3%, estas tamén perderán un 2,5% (5,5%-3,0%).**

Por outra banda, cómpre ter en conta, que máis da metade das pensións están por debaixo do salario mínimo, e algo máis de dous millóns e medio de persoas reciben, no conxunto do Estado, una renda que non supera los 650 euros. Ademais as pensións de viuvez, incapacidade permanente e orfandade son as prestacións máis precarizadas, e dous millóns de persoas tópanse en situación de pobreza extrema, ocupando as situación máis precarias as persoas que cobran pensións non contributivas.

Esta precariedade ten maioritariamente rostro de muller, as dúas terceiras partes das persoas pensionistas con complementos a mínimos son mulleres, titulares de pensións de viuvez ou de xubilación miserábeis, consecuencia das particulares condicións salariais, de emprego, de cotizacións máis curtas e bases reguladoras máis baixas. A precariedade laboral provoca precariedade das pensións.

Alén de todo isto, e malia que se recoñece que o Sistema Público de Pensións (SPP) é sólido e viábel, persisten as ameazas de privatización do mesmo e da súa xestión, polo que facemos un chamamento a toda a cidadanía para que, xunto ao movemento pensionista, defendamos o carácter público e de reparto do SPP e impidamos os intentos de privatización do mesmo. As pensións públicas son un dereito, non un negocio privado.

Os colectivos de pensionistas levamos anos denunciando esta situación. Pensamos que as leis, o mesmo que se aproban, pódense derrogar e reformar que o Goberno ten a maioría suficiente para legislar en beneficio de todo e todas as cidadáns..

Quen subscribimos este texto, asinándoo, **SOLICITÁMOSLLES a todos os membros do Congreso dos Deputados**, que dean os pasos legislativos precisos para:

- **Garantir que en 2022 e anos sucesivos o poder adquisitivo das pensións se revalorice en función do incremento do "IPC real" (o "IPC Acumulado Anual") tal como se viña facendo antes da reforma de 2011, así como a compensar a perda do 3% do poder adquisitivo das pensións do ano 2021.**
- **Garantir que non haxa pensións por debaixo do umbral de pobreza, eliminando a fenda de xénero en salarios e pensións e incrementando a pensión mínima até equipararse ao salario mínimo (SMI), e que este se sitúe no 60% do salario medio, como recomenda a Carta Social Europea.**
- **Garantir pensións públicas dignas xustas e suficientes e o carácter público do Sistema de Pensións**, derrogando os recortes das reformas de 2011, 2013 y 2021, e **rexeitando a privatización total ou parcial do mesmo**, baixo calquera fórmula.

29/01/2022

